

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 7 de marzo de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día sete de marzo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuiña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34880.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2025.

2.34881.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVERSIÓNS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO DE 2025. (Expte.2025003039)

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que contribúan ó desenvolvemento de accións que impliquen a promoción e o fomento dun sector de vital importancia na provincia.



As confrarías de pescadoras e pescadores e agrupacións de mariscadoras son organizacións que agrupan os pescadores de pequena escala e a mariscadores de Galicia. O seu papel dentro do sector pesqueiro outórgalles competencias na xestión e explotación de recursos mariños, actividades que realizan de modo colectivo. Esta posición permite que as confrarías teñan influencia en diferentes aspectos do desenvolvemento sostible, principalmente no ámbito local.

Este tipo de organizacións, cunha longa tradición en Galicia e especialmente na provincia de Pontevedra, son recoñecidas como entidades de economía social, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.

Así, as mencionadas confrarías e agrupacións xogan un papel importante na xestión e na explotación dos recursos mariños e, por tanto, teñen influencia nalgúns aspectos identificados na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, coma a protección dos recursos e a equidade na repartición de ingresos e no acceso a bens comúns.

A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia das confrarías de pescadoras e pescadores da provincia, que, xunto coa súa Federación Provincial e coas agrupacións de mariscadoras, contribúen a desenvolver accións de promoción e a fomentar un sector de vital importancia na provincia, o da pesca e do marisqueo. Por iso, dálle continuidade á liña de subvencións para investimentos dos últimos anos.

Adicionalmente e con carácter extraordinario, o pasado ano contemplouse unha liña de axudas adicional para gastos correntes, destinada a garantir a sostibilidade das actividades pesqueira e marisqueira da provincia afectadas polos sucesivos temporais do inverno, os cales provocaron unha severa mortalidade de moluscos bivalvos debido á baixa salinidade das augas nas rías, así como polo amarre da frota de baixura durante longos períodos de tempo.

O peche dos bancos marisqueiros en 2024 foi de case un ano, polo que a economía do sector desde embarcación se viu gravemente prexudicada Segundo os datos dos que dispoñen as confrarías, o 2024 foi o peor en moitos anos do sector marisqueiro e da frota de baixura na provincia. Longos meses sen actividade por mor dos temporais e do peche dos bancos pola imparabile mortalidade de ameixa e doutras especies.

Debido a esta situación, a excepcionalidade que provocou en 2024 a liña adicional de gastos correntes mantense mesmo máis intensificada para este ano, polo que se seguirán mantendo as dúas liñas nesta convocatoria.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de axudas ás confrarías de pescadoras e pescadores, á Federación de Confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para financiar investimentos e gastos correntes que melloren as actividades pesqueira e marisqueira durante este ano 2025.



2. CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS

a) Respecto ao procedemento:

No caso presente, a instrución do procedemento fundamentase na lexislación específica que lle é de aplicación, que está constituída polas seguintes normas xurídicas:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, LXS.
- R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- R.D. lex. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, TRLRFL.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPACAP.
- Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, modificado polo Decreto 64/2018, de 7 de xuño.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial.
- Bases de execución do orzamento.

Con arranxo á devandita regulación (Base reguladora décimo terceira) corresponde a instrución do procedemento á xefa do Servizo de Medio Ambiente.

b) En canto ao fondo do asunto:

O obxecto desta proposta ten por finalidade xustificar a conveniencia de promover estas axudas en réxime de concorrència competitiva, para a recuperación e impulso, do sector pesqueiro e marisqueiro como elementos partícipes da economía social, o cal, está xustificado polas razóns seguintes:

1.- Segundo artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, entre as entidades que forman parte da economía social están as confrarías de pescadores e pescadoras.

2.- O Informe 2008/2250 (INI), do 26 de xaneiro de 2009, do Parlamento Europeo, considera a economía social como axente clave para o logro dos obxectivos de Lisboa, no que se establecen os medios necesarios para acadalos, dá unha visibilidade institucional clara á realidade da economía social e insta a decidir que políticas poden ser determinantes para axudar este sector, tales como establecer clarificacións conceptuais e estatísticas ou fomentar programas europeos que a favorezan.

3.- Pola súa banda, a Lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, definiu o concepto e concretou os seus principios orientadores, configurando un marco xurídico de aplicación no conxunto do Estado que, sen substituír a normativa aplicable a cada unha das entidades que conforman o seu ámbito, pretende un maior recoñecemento e visibilidade da economía social ao lle outorgar maior grao de seguridade xurídica.



4.- Por outra parte, a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

5.- É de salientar como, respecto expresamente das entidades locais, no seu artigo 14.4 sinala: “A Administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións.” O que constitúe un primeiro e cualificado título de intervención nesta materia.

6.- É de sinalar, ademais, que as empresas de economía social e, singularmente, as confrarías de pescadores e pescadoras teñen demostrado a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.

3. CONCLUSIONS

En consecuencia, por canto antecede, e considerando que cumpren co disposto na lexislación relacionada no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, e demais lexislación aplicable.

Considerando a demanda existente e o número de solicitudes presentadas en convocatorias anteriores, que esta actuación é sustentable economicamente, provindo os fondos unicamente do orzamento da Deputación de Pontevedra, sen que exista cofinanciación por parte doutras entidades e contando xa con partida orzamentaria asignada, e que non supón duplicidade respecto de iniciativas doutras Administración, senón solo confluencia en todo caso cunha liña.

Resultando, que con data do 27 xaneiro de 2025 a xefa do Servizo de Medio Ambiente emite informe favorable sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que con data do 11 de febreiro de 2025, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras, e que con data do 21 de febreiro de 2025, a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases por importe total de 350.000,00€, dos cales destinaranse 150.000,00€ para investimentos e 200.000,00€ para gastos correntes, con cargo as aplicacións orzamentarias 25/410.4150.789.02 e 25/410.4150.489.01 do orzamento provincial do ano 2025.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do informe da Secretaría e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a confrarías de pescadoras/es, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, para o ano 2025, a cuxo texto se pode acceder a través do código CSV: 2LZL5HZB160HZN0L.



3.34882.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS
DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE
PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO DE
2025. (Expte.2025003022)

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás cooperativas agrogandeiras da provincia, que contribúan ó desenvolvemento de accións que impliquen a promoción e o fomento dun sector de vital importancia na provincia.

As cooperativas teñen un gran peso na organización e na ordenación dos recursos agrogandeiros e destaca a súa importancia na estrutura socioeconómica da provincia de Pontevedra.

Ademais, as empresas de economía social e, singularmente, as cooperativas demostraron a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.

Desde o punto de vista competencial, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, dálle continuidade a esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrència competitiva, para financiar investimentos que melloren os servizos que leven a cabo no ano 2025.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249 do 30 de decembro de 2016, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



2. CONSIDERACIÓN TÉCNICO-XURÍDICAS

a) Respecto ao procedemento:

No caso presente, a instrución do procedemento fundamentase na lexislación específica que lle é de aplicación, que está constituída polas seguintes normas xurídicas:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, LXS.
- R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- R.D. lex. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, TRLRFL.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPACAP.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial.
- Bases de execución do orzamento.

Con arranxo á devandita regulación (Base reguladora décimo terceira) corresponde a instrución do procedemento á xefa do Servizo de Medio Ambiente.

b) En canto ao fondo do asunto:

O obxecto desta proposta ten por finalidade xustificar a conveniencia de promover estas axudas en réxime de concorrência competitiva, para a recuperación e impulso, das cooperativas agrogandeiras como elementos participes da economía social, o cal, está xustificado polas razóns seguintes:

O cooperativismo conta cunha protección mesmo a nivel constitucional, como cabe inferir dos artigos 40 e 129, coa obriga de promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa e de fomentar, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, así como a de establecer os medios que faciliten o acceso das e dos traballadores á propiedade dos medios de produción.

Pola súa banda, a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsalas para o cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

Destaca a mención expresa, no seu artigo 14.4, ás entidades locais: “a Administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións”. Isto constitúe un primeiro e cualificado título de intervención nesta materia.



3. CONCLUSIONS

En consecuencia, por canto antecede, e considerando que cumpren co disposto na lexislación relacionada no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, e demais lexislación aplicable.

Resultando, que con data do 27 de xaneiro de 2025 a xefa do Servizo de Medio Ambiente emite informe favorable, sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia, que con data do 11 de febreiro de 2025, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras.

Resultando que con data do 20 de febreiro de 2025 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 350.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 25/410.4120.789.00, é en consecuencia efectúa retención de crédito mediante documento RC nº 1202500002347.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para o ano 2025, a cuxo texto se pode acceder a través do código CSV: RY6Y2190DBB2XWTI.

4.34883.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS CO
OBJECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO II
PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS,
“MANTEMENTOS CORRECTIVOS, SUBSTITUCIÓN DOS DETERIORADOS
E SUBSTITUCIÓN LUMINARIAS PISCINA” (Expte.2025003344)

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.

O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024



As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrncia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cangas o importe que lle corresponde é de 243.706,41 €.

En data 21/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025003733) dunha petición do Concello de Cangas, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 243.706,41 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “MANTEMENTOS CORRECTIVOS, SUBSTITUCIÓN DOS DETERIORADOS E SUBSTITUCIÓN LUMINARIAS PISCINA”, cun orzamento total de 243.706,41 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 31/01/2025 CSV: QHUFN9CD77P5PUFJ)

Así mesmo, o 03/02/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: AJHCU8IMTOKEQ09R) e a Intervención provincial emite informe favorable o 20/02/2025 (CSV: TYZBAYPWFPFH395G5).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

- A solicitude do Concello de Cangas relativa ao financiamento do investimento denominado “MANTEMENTOS CORRECTIVOS, SUBSTITUCIÓN DOS DETERIORADOS E SUBSTITUCIÓN LUMINARIAS PISCINA” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 243.706,41€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF P3600800A a cantidade de 243.706,41€. con destino ao financiamento do investimento “MANTEMENTOS CORRECTIVOS, SUBSTITUCIÓN DOS DETERIORADOS E SUBSTITUCIÓN LUMINARIAS PISCINA” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 243.706,41€.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.34884.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, “MELLORA DE PISTA MULTIDEPORTE E DAS PISCINAS MUNICIPAIS” (Expte. 2025003347)

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.



O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Fornelos de Montes o importe que lle corresponde é de 85.365,18 €.

En data 21/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025006944) dunha petición do Concello de Fornelos de Montes, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 85.365,18 € con destino ao financiamento do investimento denominado “MELLORA DE PISTA MULTIDEPORTE E DAS PISCINAS MUNICIPAIS (P.E.I.D. II)”, cun orzamento de execución de 85.000,00€, 6.428, 58 € de honorarios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, resultando un total de 91.428,58 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 04/02/2025 CSV: M0DECKZ3JFWLEYJQ)

Así mesmo, o 05/02/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 8BOUTRV76SK587JQ) e a Intervención provincial emite informe favorable o 05/02/2025 (CSV: 5Y7ZNHYWLYRUMT3P).

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Fornelos de Montes relativa ao financiamento do investimento denominado “*MELLORA DE PISTA MULTIDEPORTE E DAS PISCINAS MUNICIPAIS (P.E.I.D. II)*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 85.365,18 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de *Fornelos de Montes*, CIF P3601900H a cantidade de 85.365,18 € con destino ao financiamento do investimento “*MELLORA DE PISTA MULTIDEPORTE E DAS PISCINAS MUNICIPAIS*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de execución de 85.000,00 € e 6.428,58 € de honorarios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, resultando un total de 91.428,58 €. A cantidade restante do orzamento total financiarase con fondos propios do concello resultando unha achega de 6.063,40 €. A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e Comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Fornelos de Montes*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



6.34885.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO ENTORNO URBANO DO MERCADO DE ABASTOS DE OIA” (Expte. 2025005329)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

O *Concello de Oia* está tramitando coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Xunta de Galicia) un acordo de cooperación entre ambas entidades co fin de levar a cabo a execución do investimento denominado “*Reforma do entorno urbano do mercado de abastos de Oia*”, cuxa financiación queda reflexada na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN - XUNTA DE GALICIA	ACHEGA MUNICIPAL
2025	287.963,47	201.574,43 (70%)	86.389,04 (30%)

O orzamento do convenio inclúe entre os seus conceptos as medicións finais de obra, de dirección de obra e de dirección de execución que importan 26.028,32 €, polo que o orzamento obviando este importe quedaría configurado:

CONCEPTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN - XUNTA DE GALICIA	ACHEGA MUNICIPAL
ORZAMENTO con medicións finais	287.963,47	201.574,43 (70%)	86.389,04 (30%)
MEDICIÓN S FINAIS	(26.028,32)	(18.219,82)	(7.808,50)
TOTAL	261.935,14	183.354,60	78.580,54

En data 04/02/2025, mediante rexistro WEB2025006876, emendado en data 19/02/2025, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Oia* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 78.580,54 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal do acordo de cooperación entra a entidade municipal e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Xunta de Galicia) do investimento “*Reforma do entorno urbano do mercado de abastos de Oia*” (Expte.2025005329), cuxo orzamento ascende a 261.935,14 €. O importe restante é financiado coa axuda que lle concede a Xunta de Galicia ao concello que importa 183.354,60 €.



Deste este modo, a petición do *Concello de Oia*, queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Achega doutras Administracións
2025	261.935,14	78.580,54	183.354,60 (Xunta de Galicia)

O orzamento de 261.935,14 € inclúe 252.023,62 € de execución de obra, 4.129,80 € de honorarios de dirección de obra, 4.129,80 € de honorarios de dirección de execución, 1.651,92 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, achegando o concello a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas precisa para executar a actuación.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 20/02/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/02/2025, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Oia*, CIF: P3603600B, unha subvención por importe de 78.580,54 € co obxecto do financiamento da achega municipal do acordo de cooperación entra a entidade municipal e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Xunta de Galicia) do investimento “REFORMA DO ENTORNO URBANO DO MERCADO DE ABASTOS DE OIA” (Expte.2025005329), cuxo orzamento ascende a 261.935,14 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase cunha subvención da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Xunta de Galicia), por importe de 183.354,60 €.
- O orzamento de 261.935,14 € inclúe 252.023,62 € de execución de obra, 4.129,80 € de honorarios de dirección de obra, 4.129,80 € de honorarios de dirección de execución, 1.651,92 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, o convenio debidamente asinado entre a entidade municipal e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Xunta de Galicia).
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Oia*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.34886.-

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZO DE DESBROCE, LIMPEZA DE CUNETAS E MARXES DE CAMIÑOS MUNICIPAIS” (Expte.:2025006652)

O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 13/02/2025, con rexistro núm.WEB2025008769, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello de Mos na que solicita unha subvención por importe de 90.078,09 € con destino ao financiamento de “*Servizo de desbroce, limpeza de cunetas e marxes de camiños municipais*” (Expte.2025006652), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/02/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/02/2025, e da dilixencia de corrección de erros da Intervención provincial de data 25/02/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos*, CIF:P3603300I, a cantidade de 90.078,09 €, con destino ao financiamento de “*Servizo de desbroce, limpeza de cunetas e marxes de camiños municipais*” (Expte.2025006652), cun orzamento polo mesmo importe.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

8.34887.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (Expte.:2025007885)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS					
Data de presentación:		17/02/2025 (registro WEB2025009730)			
Data emenda da solicitude:		19/02/2025 (registro 2025002510)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>1 condutor/a, 3 peóns de xestión de residuos e 1 bibliotecario/a a xornada completa durante 9 meses e 2 cobradores/as limpadores/as a xornada completa durante 2 meses e 19 días</i>	133.619,12 €	130.411,63 €	3.207,49 €	130.411,63 €

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	143.116,83 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salceda de Caselas (P3604900E)	7	<i>1 condutor/ a, 3 peóns de xestión de residuos e 1 bibliotecario/ a a xornada completa durante 9 meses e 2 cobradores/ as limpadores/ as a xornada completa durante 2 meses e 19 días</i>	130.411,63 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: QLA6Q8PTYZ2X7AM1) e do informe de Intervención (CSV: WHQWY7D5QUX6SRQE), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Salceda de Caselas* (CIF P3603300I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrência non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salceda de Caselas (P3604900E)	7	1 condutor/a, 3 peóns de xestión de residuos e 1 bibliotecario/a a xornada completa durante 9 meses e 2 cobradores/as limpadores/as a xornada completa durante 2 meses e 19 días	130.411,63 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9.34888.-

AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO
LOTE 1-2024 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE
FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
(Expte.2024047677)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2024 acordou adxudicar o Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” á empresa Francisco Gomez y Cia SL (CIFB15009533), por importe de 649.940,95 € IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 07/08/2024 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/02/2025.

Resultando.- 3. Con data 05/02/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025003301), escrito do contratista no que se recolle que as obras se atopan executadas ó 98%, solicitando unha ampliación de prazo de execución de UN (1) MES, motivada polas inclemencias meteorolóxicas ocorridas durante o período de execución (concretamente 77 días de choivas) polo que unha pequena parte da sinalización horizontal non está executada pola afección que presentan as choivas á execución deste unidade de obra. Xunta partes meteorolóxicos da estación meteorolóxica de Lalín acreditando as citadas circunstancia meteorolóxicas.

Resultando.- Consta no expediente con CSV: 5AJSXWZ3HQZ89XXY informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que a causa alegada de demora non é imputable ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de UN (1) MES, ata o 7 de marzo de 2025, xa que a obra rematouse en prazo practicamente ao 100%, quedando pendente unicamente o pintado dunha estrada que se realizará en canto a climatoloxía o permita.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) MPE86WUIPB7BAQDC no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en UN (1) MES, sendo a data de finalización deste contrato o 07/05/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo de execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Francisco Gomez y Cia SL*, unha ampliación de prazo de UN (1) MES na execución do contrato de obras “*Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de fírmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 07/03/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

10.34889.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CINFO, CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DE CREACIÓN, POSTA EN MARCHA E IMPULSO DUNHA REDE B2B DENTRO DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL II) APROBADO NA CONVOCATORIA 2023 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte. 2023064156) (Devogarán 2024043084)

Por acordo número 3.33016 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 06 de outubro de 2023, (CSV.- XJDA86IIXS2NHRB), acordouse a “*Aprobación e xeración de crédito do proxecto “DA TÚA MAN” (RURAL II) presentado á convocatoria 2023 de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Financiado pola Unión Europea – NextGeneration-EU (Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro - BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021 -, modificada pola orde ICT/566/2022 de 15 de xuño - BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022 - e a orde ICT/185/2023, de 22 de febreiro - BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023) (Expte.2023023209).*”

Dentro deste proxecto, a través da Resolución Presidencial, número RP2024000442, de data 18 de xaneiro do ano 2024 (CSV.- ZAUG61NVM239VR4S), adjudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato relativo a “*Servizo de creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto “Da túa man (Rural II)” aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration-EU*”. (Expte. 2023064156)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Cinfo, Contenidos Informativos Personalizados, S.L.* (B-15.757.941), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CINFO, CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L. (B-15.757.941)	2.910,00€	202400010878	16/01/2024

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local (CSV.- UEZSKM1GKQC5J05B), no cal sinala que *“(…) Unha vez analizada a documentación do expediente, infórmase que a empresa cumpriu coa execución do respectivo contrato consistente no servizo de creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto “Da túa man (Rural II)” aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea –NextGeneration-EU. (Expte. 2023064156), constando así no expediente.*

Por todo o anterior, EMÍTESE o presente informe xustificando o cumprimento da creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto *“Da túa man (Rural II)”* aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea –NextGeneration-EU. (Expte. 2023064156), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto (...).

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.*

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de *“Servizo de creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto “Da túa man (Rural II)” aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration-EU”* (Expte. 2023064156), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Cinfo, Contenidos Informativos Personalizados, S.L.* (B-15.757.941), que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval de *ABANCA*, por importe de dous mil novecentos dez euros (2.910,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 16/01/2024, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202400010878.

11.34890.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ROI DIGITAL BUSINESS, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DE DESEÑO E LANZAMENTO DE CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN EN SOPORTES DIXITAIS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL II) PRESENTADO Á CONVOCATORIA 2023 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte.2023062674) (Devogarán 2024043082)

Por acordo número 3.33016 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 06 de outubro de 2023, (CSV.- XJDA86IIXS2NHRB), acordouse a “Aprobación e xeración de crédito do proxecto <DA TÚA MAN (RURAL II)> presentado á convocatoria 2023 de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, no marco do <Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro -BOE NÚM. 218 de 11 de setembro de 2021-, modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño -BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022- e a orde ICT/185/2023, de 22 de febreiro -BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023->”. (Expte. 2023023209)

Dentro deste proxecto, a través da Resolución Presidencial, número RP2023010021, de data 28 de decembro do ano 2023 (CSV.- 4K4RUCDHB40ZH5QC), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato relativo a “*Servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto <DA TÚA MAN> (RURAL II)>*”, presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, no marco do Plan de <Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (NEXTGENERATIONEU)>”. (Expte.2023062674)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Roi Digital Business, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ROI DIGITAL BUSINESS, S.L. (B-27.808.666)	1.601,38€	202300267488	18/12/2023



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Promoción de Emprego e desenvolvemento Local (CSV.- TIDKD7OSM4FIDIEL), no cal sinala que “(...) *Unha vez analizada a documentación do expediente, infórmase que a empresa cumpriu coa execución do respectivo contrato consistente no deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte. 2023062674), constando así no expediente.*

Por todo o anterior EMÍTESE o presente informe xustificando o cumprimento do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte. 2023062674), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto (...).

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto <DA TÚA MAN> (RURAL II)>, presentado á convocatoria 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, no marco do Plan de <Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (NEXTGENERATIONEU)>*” (Núm. Expte. 2023047633), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Roi Digital Business, S.L.* (B-27.808.666), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, en metálico, por importe de mil seiscientos un euros con trinta e oito céntimos (1.601,38 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 18/12/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300267488.




12.34891.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIÓN PRODUCIDAS POR CAÍDA COA BICICLETA NO CONCELLO DE CANGAS (Expte. 2023037765)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 19/05/2023 (rex. núm. 2023011849), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D.^a M.^a del Carmen Chapela Parvero, por lesións producidas en accidente coa bicicleta, o día 16/05/2022, a consecuencia dun socavo na estrada provincial E.P. 1003 Rodeira-Boubeta, no Concello de Cangas, e que cuantificou economicamente e de forma provisional, por atoparse en tratamento de rehabilitación, en 150.000 €.


Resultando.- Que con data 27/06/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 20/07/2023, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A estrada E.P. 1003 RODEIRA-BOUBETA pertence á rede provincial de estradas.



A reclamación sitúase na á altura do nº 51 da rúa Trigas, no Concello de Cangas (punto quilométrico 1+540 m.d.).





SEGUNDO.- Dende o ano 2021 ata a data do accidente aparecen as seguintes incidencias na estrada provincial (achéganse os partes rexistrados).

Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Registro	14/04/2021	17:04	05413	CANGAS	Centro
2021	257	Comunicado	14/04/2021	17:05	05413	Rodeira - Boubeta
		Finalizado	14/04/2021	21:15	05413	Riveiro
		Comunica			112 - SOS GALICIA	
		Notas				
		Finalizado			Burato fondo na estrada	
		Incidencia				



Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Registro	16/05/2022	20:47	01128	CANGAS	Centro
2022	154	Comunicado	16/05/2022	20:55	01128	Rodeira - Boubeta
		Finalizado	16/05/2022	20:55	01128	Riveiro
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	CHÁMASE A CORBACHO REBOREDO PORQUE RIVEIRO ESTÁ DE BAIXACERRASE (			
		Finalizado	ACCIDENTE DUNHA CICLISTA A CAUSA DUN SOCABÓN			
		Incidencia				

Nas datas previas ao accidente non houbo avisos nin incidencias por este motivo. Este servizo foi notificado ás 20.47 horas do 16 de maio do ano 2023, (desde o 112-SOS GALICIA) por “accidente dunha ciclista a causa dun socavón”.

A brigada de garda responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).

Parte de Vías e Obras

Ano	2022	Parte	154	Finalizado
Datos Rexistro				
Data	16/05/2022	20:47	Pereira	
Comunica	112 - SOS GALICIA			
Incidencia	ACCIDENTE DUNHA CICLISTA A CAUSA DUN SOCABÓN			
Concello	CANGAS	Estrada	1003 - Rodeira - Boubeta	
Ubicación	CARRETEIRA DE TRIGÓS NO NÚMERO 51 NO CAR	K.M.	0,0	
Brigada	Riveiro	Zona	Centro	
Seguimento				
Comunicado	16/05/2022	20:55	Pereira	
Finalizado	16/05/2022	20:55	Pereira	
Notas	CHÁMASE A CORBACHO REBOREDO PORQUE RIVEIRO ESTÁ DE BAIXA CERRASE CO 153			
		Horas Normal	0	0
		Horas Extra	0	0

O tempo de resposta segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o incidente, o “tempo de resposta” da brigada responsable estímase en 45 minutos aproximadamente.

TERCEIRO.- No tramo anterior ao accidente e na dirección que levaba a bicicleta, existe sinalización de límite de velocidade e as de advertencia necesarias para o paso de peóns sobreelevado situado no punto quilométrico 1+600 (a escasos 60 metros do socavón):

- Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 30 km/h.



- PPS (pasos de peóns sobreelevado) coa súa sinalización correspondente:
 - Sinal de perigo por peóns (P-20)
 - Sinal de perigo por resalto (P-15a)
 - Sinal vertical (R-301) e horizontal de velocidade máxima 30 km/h.





CUARTO.- A presenza do socavón na calzada ven polo estado deficiente das redes de saneamento de competencia municipal.

O socavón esta tapado actualmente con formigón que é o que emprega a UTE XESTION CANGAS para as reposicións provisionais.



Esta empresa é concesionaria dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración das augas do Concello de Cangas ata o ano 2039.

A empresa tramitou varias solicitudes para reponer definitivamente as numerosas avarias existentes ao longo desa estrada provincial.





María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 25/08/2023, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 76.1 da mesma Lei, conferiuse a UTE XESTIÓN CANGAS un prazo de dez días para que puideran comparecer como interesados e realizar as alegacións que tiveran por convenientes.

Resultando.- Que con data 11/09/2023, solicitan copia da documentación obrante no expediente, a cal foi remitida na data 14/09/2023, recibíndose escrito de alegacións asinado por D. Francisco Comesaña Diego, Xefe de Servizo de UTE GESTIÓN CANGAS, o día 28/09/2023, co seguinte contido:

Recibido requirimento desa Deputación Provincial para presentar alegacións como interesados no sinistro sufrido por Dna Mª Carmen Chapela Parvero por caída namentres transitaba en bicicleta pola EP 1003 á altura do nº 51 da rúa Trigás, esta empresa concesionaria debe informar o seguinte:

No Informe do Departamento de Infraestruturas desa Deputación se transcribe “[...] a presencia do socavón na calzada ven polo estado deficiente das redes de saneamento municipal” sustentando esta afirmación en que a reposición actual do bache presenta un aspecto similar ás que esta empresa utiliza para as “reposicións provisionais” e que esta concesionaria “tramitou varias solicitudes para repoñer definitivamente as numerosas avarías existentes ó longo desa estrada provincial”.



Ao respecto débese significar:

1. *O material que na actualidade tapa o bache existente fronte o nº 51 da rúa Trigás é un cemento de uso común que de ningún xeito nos pode vincular con esa reposición e moito menos coa responsabilidade do bache orixinal. Queremos facer constar que no parte da patrulla da Policía Local que acudiu ó accidente consta que a reposición a realizou persoal de Conservación de Estradas da Deputación.*
2. *As solicitudes de permiso para a intervención na liña de saneamento que discorre pola estrada EP 1003 se circunscriben a un tramo moi concreto desta estrada e que dista máis de 500 metros do punto do sinistro. En concreto a tramitación máis próxima a este punto se realizou no PK 1+000, cando o bache está situado no PK 1+550. Esta concesionaria non realizou tramitación algunha para a reparación deste bache nin ten constancia de ter sido requirida para a súa reposición por parte desa Deputación.*
3. *Co galo deste requirimento se realizou inspección con cámara do interior da tubería de saneamento sin que aparecese evidencia algunha de rotura ou desperfecto que poidera ser causante do bache onde se produxo o accidente. De feito, transcorridos máis de 16 meses dende o accidente e a reposición da estrada, ésta non mostra afundimentos nese punto, o que sin dubida acontecería de existir una avería na rede.*
4. *O tramo de estrada EP 1003 onde se atopa o bache mostra varios parches de asfaltados en distintas fases, o que parece indicar que foi necesario reasfaltar o vial non como parte dunha reposición completa da estrada, senon como intervencións puntuais pola aparición de baches ou fendas que son todavía ben visibles mesmo nas zonas de asfaltado máis recente. De feito consideramos altamente probable que as afeccións de saneamento que estamos a sufrir no tramo augas abaixo descrito no punto 2 se deban fundamentalmente ás filtracións de augas pluviais e de esorrentía que se producen polas fendas que presenta a capa de rodadura.*
5. *Ademáis da liña de saneamento que discorre polo carril esquerdo da EP 1003, neste tramo existen outros servizos tanto públicos como privados que levan unha traza similar e que non foron considerados como posibles causantes do bache por parte do persoal técnico de Infraestructuras da Deputación.*

Por todo exposto debemos concluír que esta empresa concesionaria non foi a causante da orixe do bache e que por tanto non é responsable das consecuencias que a existencia deste bache poidan conlevar.

Remitimos fotografías do tramo de estrada onde se aprecian os tramos de asfaltado e as grietas no firme.





Resultando.- Que con data 05/10/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, para que á vista do alegado por UTE GESTIÓN CANGAS na data 28/09/2023, ratificaran ou rectificaran o seu informe de data 20/07/2023.

Resultando.- Que con data 06/11/2023, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite informe complementario co seguinte contido:

Primeiro.- Tras recibir a resposta por parte da UTE GESTIÓN CANGAS e repasando as informacións recibidas por parte do vixiante, coordinador de brigadas e capataz responsable ratificamos o informe emitido inicialmente.

- I. A presenza do socavo na calzada ven polo estado deficiente das redes de saneamento de competencia municipal.*
- II. O socavón non foi reparado pola Deputación de Pontevedra. Actualmente está tapado con formigón que é o material que emprega a UTE GESTIÓN CANGAS para as reposicións provisionais.*
- III. Está empresa é concesionaria dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración das augas do Concello de Cangas ata o ano 2039.*

Resultando.- Que con data 14/11/2023, e á vista do anterior informe complementario, solicitouse ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que manifestaran por escrito que nin por xestión directa nin por adxudicación de contrato se realizou a reparación do socavo por esta Deputación, remitindo na data 27/11/2023 informe complementario co seguinte contido literal:

Nin por xestión directa con medios propios nin por adxudicación de contrato se realizou a reparación do socavo por parte desta Deputación.

*A Enxeñeira de Infraestruturas e Vías Provinciais,
Belén Pampín Camino*_____



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº 2023008518 de data 15/11/2023, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por desprenderse do mesmo, naquel intre, a necesidade de abrir o período probatorio, así como por estar pendente a emisión dun informe complementario por parte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, circunstancias estas que aconsellaron a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023008527 de data 15/11/2023, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, a cuantificación económica do danos reclamados, achegando o informe médico de alta e, de ser o caso, o informe médico-pericial determinante das secuelas.

Resultando.- Que con data 27/12/2023 e dentro do prazo conferido a tal fin, presenta escrito xunto co que acompaña diversa documentación médica e facturas de gastos ocasionados con motivo do accidente, e propoñendo os seguintes medios de proba:

- Documental, consistente en:
 1. Dar por reproducida a aportada co escrito de reclamación.
 2. Sucesivos informes médicos do Hospital Povisa, así como as radiografías realizadas.
 3. Partes médicos sucesivos de baixa de incapacidade laboral transitoria desde o 17/05/2022 ata o 24/10/2022 e desde o 23/03/2023 ata o 28/04/2023.
- Testifical de D. Francisco Javier Álvarez Prieto e de D^a. Cristina Iglesias García, persoas relacionadas no parte de servizo da Policía Local de Cangas que presenciaron o accidente.
- Pericial de D. Luis Ángel Prieto Robisco, a quen encomendou o informe médico-pericial de lesións, secuelas e gastos, que sería aportado na data 03/01/2024.

Resultando.- Que a proba documental proposta foi admitida, entendéndose superflua e irrelevante a práctica da proba testifical ó non dubidarse da caída nin das circunstancias nas que tivo lugar, as cales constan recollidas nas dilixencias policiais aportadas, e entendéndose, asemade, redundante a práctica da proba pericial proposta, xa que versaría sobre datos constantes no expediente, como é o informe médico-pericial achegado pola reclamante.

Resultando.- Que con data 27/02/2024, requiriuse á interesada para que aclarara a data na que tivo lugar o sinistro, xa que na instancia recollía como data do accidente o día 16/05/2022 e no informe pericial achegado figura a data do 17/05/2022.



Resultando.- Que con data 26/03/2024, remite escrito no que manifesta que existe un erro mecanográfico no informe pericial, sendo que que o accidente ocorreu o día 17 de maio de 2022, tal e como consta nas dilixencias policiais, achegando certificación do perito coa data correcta.

Resultando.- Que con data 08/04/2024, e en virtude do artigo 82 da Lei 39/2015, concedeuse á interesada un prazo de dez días para audiencia e vista do expediente, podendo alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes como trámite previo á resolución do mesmo, interesando na data 26/04/2024 a estimación da súa reclamación, trala formulación das seguintes alegacións:

PRIMERO.- De los informes que se nos han trasladado se trasluce una actuación de los órganos de esa administración provincial tendente a endosarle la "tostada" a una concesionaria, UTE Gestión Cangas, y por parte de esta última en devolvérsela a esa Diputación Provincial. Es evidente que el Departamento de Infraestructuras de esa administración está falseando la realidad de los hechos.

- 1. El primer informe de Infraestructuras, que lleva fecha de 20-7-2023 incorpora un parte de Vías y Obras de esa Diputación Provincial en que se reseña el accidente que da origen a la presente reclamación, indicando a Corbacho Reboledo porque Riveiro está de baixa”.*

Ya la Policía Local de Cangas había indicado en su atestado el día de los hechos que dieron aviso a la Diputación para que señalicen y reparen el socavón lo antes posible para evitar más daños, quedando entretanto el lugar señalizado con conos de Protección Civil. Para hacer constar que a las 22-25 horas Protección Civil da parte de que ya pasó alguien de la Diputación o mantenimiento de estradas y parcheó el socavón, por lo que ya recogieron los conos.

Es decir, tanto del Atestado de la Policía Local como del parte de Vías y Obras se desprende sin lugar a duda que fue la Diputación titular de la vía o infraestructura la que parcheó el socavón al poco rato de producirse el accidente. Carece de cualquier otro sentido la intervención de Vías y Obras.

Sin embargo, ignorando lo anterior, en el Informe de Infraestructuras a que nos venimos refiriendo se elucubra lo siguiente, que el bormigón con el que está actualmente tapado el socavón es el que emplea la UTE Xestión Cangas para reparaciones provisionales. Y del único dato del aspecto del bormigón concluyen que la presencia de socavones en la calzada viene por el deficiente estado de las redes de saneamiento de competencia municipal.



2. *En sentido diametralmente opuesto la UTE Gestión Cangas informa que el material que en la actualidad tapa el socavón es un cemento de uso común, desvinculándose tanto de la reparación del mismo como del bache original. Que tal y como figura en el Atestado de la Policía Local que acudió al accidente, la reparación la realizó personal de Conservación de Carreteras de la Diputación. Que la única intervención de la UTE en la línea de saneamiento que discurre por dicha vía provincial se circunscribe a un tramo muy concreto de dicha carretera que dista más de 500 metros del lugar del siniestro. Y que mediante inspección con cámara en el interior de la tubería de saneamiento se descarta cualquier rotura o desperfecto en la misma que pudiera ser causante del bache donde se produce el accidente. Que dicha carretera provincial muestra diversos parches de asfaltado en distintas fases que manifiestan repetidas intervenciones puntuales de baches.*
3. *Los informes complementarios de Infraestructuras de esa administración provincial insisten en desvincularse de la reparación del socavón, la cual parece constituir un auténtico enigma indescifrable.*

SEGUNDO.- Vista la pretensión de la administración provincial de pasar la tostada a la UTE, debemos recordar que son reiterados los pronunciamientos judiciales proclamando que es a esa Administración provincial, como titular del servicio, sobre quien recae la carga de acreditar la eficiencia de la intervención de un tercero como causante del daño si pretende su exoneración. Huelga decir que ninguna clase de acreditación se contiene en los informes que se nos trasladan.

TERCERO.- Esta parte reitera la testifical propuesta de las personas cuyas identidades se detallan en el Atestado de la Policía Local, a fin de acreditar por parte de vecinos del lugar el tiempo que llevaba el socavón antes de producirse el accidente, y los avisos — baldíos - a la Diputación para que procediesen a señalar el peligro.

Resultando.- Que á vista das alegacións realizadas por D.^a María Carmen Chapela Parcerro, con data 21/05/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación coa finalidade de aclarar en que consistiu a intervención do capataz da brigada que acudiu a cubrir o accidente, remitindo dito informe na data 30/05/2024, co seguinte contido literal:

Primeiro.- A persoa responsable da brigada nesa data era José Corbacho Reboredo.

Confirma que se acudiu en efecto ao lugar do accidente e se procedeu a sinalizalo, pero que non foi persoal da Deputación o que o fixo a reposición do socavón.

Posteriormente este mesmo equipo pasou a retirar as sinais de perigo unba vez foron advertidos de que a incidencia quedara resolta.



Parte de Vías e Obras

Ano	2022	Parte	154	Finalizado		
Datos Rexistro						
Data	16/05/2022	20:47	Pereira			
Comunica	112 - SOS GALICIA					
Incidencia	ACCIDENTE DUNHA CICLISTA A CAUSA DUN SOCABÓN					
Concello	CANGAS	Estrada	1003 - Rodeira - Boubeta			
Ubicación	CARRETEIRA DE TRIGÓS NO NÚMERO 51 NO CAR	K.M.	0,0			
Brigada	Riveiro	Zona	Centro			
Seguimento						
Comunicado	16/05/2022	20:55	Pereira	Horas Normal	0	0
Finalizado	16/05/2022	20:55	Pereira	Horas Extra	0	0
Notas	CHÁMASE A CORBACHO REBOREDO PORQUE RIVEIRO ESTÁ DE BAIXA CERRASE CO 153					

Segundo.- Reiteramos que é UTE CANGAS (responsable das redes de abastecemento e saneamento) é coñecedora dos problemas que temos nesa estrada desde fai moito tempo como así o deixa reflexado na súa páxina web: <https://utegestioncangas.com/es/>

“A UTE Xestión Cangas xestiona o abastecemento e o saneamento de auga no municipio de Cangas do Morrazo desde 2014. Desde 2015 xestiona tamén a depuradora municipal e encárgase de todo o ciclo integral da auga.

A concesionaria das augas de Cangas solicitou ao Concello a autorización para investir 3,4 millóns de euros en obras de modernización da rede. A maior parte das obras están pendentes de aprobación e autorización do Concello de Cangas, titular da concesión.

Desde 2014, UTE Xestión Cangas presentou 12 documentos, que inclúen 32 anteproxectos de investimento, para a mellora e modernización do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de auga no municipio.

Anexamos dous documentos reiterando a necesidade de investimento na estrada provincial dentro das súas competencias”.

Achegamos a continuación a copia dos dous documentos publicados onde manifestan a necesidade de acometer con urxencia as obras na estrada provincial:



ANO 2017

 **Ute Gestión Cangas**

CONCELLO DE CANGAS
R/ CASTELAO, 2
36940 Cangas- Pontevedra

DOCUMENTACIÓN DERIVADA DE REQUERIMENTO CONTRACTUAL
ARTIGO: 10 do Prego de Prescricións Técnicas. *Obras e instalacións por conta da concesionaria.*

ASUNTO: *Reiteración de necesidades de inversión en diversas instalacións adscritas ó Ciclo Integral de Auga con cargo o Plan de Inversións comprometido pola concesionaria e inclusión de dúas novas obras.*

DATA: 27 de decembro de 2017.

Co galo do comezo da obra para a dotación de rede de abastecemento á parroquia de Herbello, realizada por esta concesionaria, tras solicitude de redacción do Proxecto e posterior aprobación do mesmo por parte dese Concello con data do 21 de agosto de 2017 para a súa execución con cargo ó Plan de Inversións comprometido pola UTE Gestión Cangas, e dado que esta concesionaria presentou con anterioridade diversas propostas de inversións segundo as necesidades que detectou durante a súa xestión, e sempre na liña do exposto no capítulo adicado ás inversións do Anteproxecto de Explotación incluído na documentación do concurso do que resultamos adxudicatarios, **solicitamos novamente dese Concello que lle sexa dado o trámite regulamentariamente establecido de requirir a esta concesionaria para que realice os correspondentes proxectos como paso previo para a súa aprobación e posterior execución.**

Detallamos agora, a modo de resumen, as distintas necesidades de obra detectadas por esta concesionaria e expostas con anterioridade a ese Concello por medio de memorias valoradas o informes descriptivos:

- **Memoria valorada de melloras urxentes a executar na EDAR de Areamilla (1/06/2016).** Na que se inclúan as reformas máis perehitorias a realizar na



EDAR co fin de mellora-la súa capacidade e eficiencia. Ante o silencio dese Concello, se insistiu por parte de esta concesionaria novamente nestas reformas en escrito de data do 16 de febreiro de 2017.

- **Obra de reforma do bombeo do Concello** (presentado o 16 de febreiro de 2017)
- **Obras de mellora na rede de abastecemento.** Setorización e diminución de fugas (presentado o 16 de febreiro de 2017). O 10 de maio de 2017 se reiterou a necesidade explícita de mellora nestes ámbitos ante a proximidade do verán e a posible incidencia da seca.
- **Obras de reforma no Depósito de Coiro** (rexistrado o 10 de maio de 2017). Dada a importancia desta obra se reiterou a súa necesidade por medio de memoria valorada presentada o 23 de maio de 2017.
- **Obras de reforma no grupo de presión de Mendiña** (rexistrado o 10 de maio de 2017)
- **Colocación de liña de abastecemento Avda Bueu-Avda Pontevedra-San Roque** (rexistrado o 10 de Maio de 2017)
- **Mellora na sectorización das redes e implantación de sistemas de telexestión da rede de abastecemento** (rexistrado o 10 de maio de 2017).

A día de hoxe, ningunha destas solicitudes de tramitación foi atendida por ese Concello, aumentando cada día a necesidade das obras nelas incluídas co fin de erradicar ou paliar molestias ós usuarios do Ciclo Integral da Auga e mesmo cumprir coas especificacións decretadas tanto polas autoridades competentes en materia de Sanidade, Medioambiente ou Calidade de Augas, como pola propia administración municipal, motivo polo cal, reiteramos a nosa apelación a ese Concello para que, seguindo o exemplo da tramitación aplicada no caso do Abastecemento á Parroquia de Herbello, se nos faga chegar coa maior urxencia a solicitude de redacción dos Proxectos necesarios para a realización destas obras ou calesquera outras desta natureza que o Concello teña a ben dictaminar.

Igualmente quixéramos que servise a presente, para que se considere por parte dese Concello a inclusión dentro do Plan de Inversións das obras seguintes;

- **Reforma do tramo final da rede de abastecemento e saneamento da rúa Avda de Espiritu Santo** (Tramo baixada a Rúa – Avda Ourense) por presentar deficiencias estruturais xeneralizadas e provocar fochas e discontinuidades no



finme da estrada. Estas obras terían un presuposto condicionado a se se inclúsen ou non dentro dunha futura humanización da rúa.

- **Reforma Integral do sistema de saneamento do barrio de Nazarét.** Ó igual que no caso anterior o orzamento quedaría suxeito a unha posible humanización da zona.

Como é coñecedor o concello de Cangas, esta concesionaria non pode realizar ningunha obra do Plan de Inversións de forma unilateral precisando do correspondente encargo de realización de Proxecto e a súa posterior aprobación por parte do Concello de Cangas, para poder realizarse á maior brevidade, dada o seu interese de cara ós propios veciños de Cangas.


D. Francisco Comesaña Diego.
UTE Gestión Cangas
Xefe de Servizo, UTE Gestión Cangas
CC   
CIF: U-27.808.914

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE CANGAS



ANO 2019

E-55

 **Ute Gestión Cangas**



CONCELLO DE CANGAS

R/ CASTELAO, 2
36940 Cangas-Pontevedra

DOCUMENTACIÓN DERIVADA DE REQUERIMIENTO CONTRACTUAL

ARTIGO: 10 do Prego de Prescricións Técnicas, Obras e instalacións por conta da concesionaria.

ASUNTO: Reiteración de necesidades urgentes de inversión en diversas instalacións adscritas ó Ciclo Integral da Auga con cargo ó Plan de Inversións comprometido pola concesionaria e inclusión de dúas novas obras.

DATA: 24 de xaneiro de 2019.

Novamente nos remitimos a ese Concello para solicitarlle que dea cumprimento ó procedemento fixado na documentación do contrato de concesión relativo ó desenvolvemento do Plan de Inversións comprometido pola concesionaria. Nesta ocasión con especial énfasis dadas as urxencias que a falta de inversión está a provocar en distintas instalacións e redes adscritas ó Ciclo Integral da Auga. Dado que esta concesionaria presentou con anterioridade diversas propostas de inversións segundo as necesidades que detectou durante a súa xestión, e sempre na liña do exposto no capítulo adicado ás inversións do Anteproxecto de Explotación incluído na documentación do concurso do que resultamos adxudicatarios, solicitamos novamente dese Concello que lle sexa dado o trámite regulamentariamente establecido de requirir a esta concesionaria para que realice os correspondentes proxectos como paso previo para a súa aprobación e posterior execución.

Sobre o conxunto de necesidades detectadas pola concesionaria ó xa remitidas a ese Concello en diversas ocasións, nos vemos obrigados a destacar na presente relación aquelas cuíus consecuencias derivadas da falta de inversión obrigan a que sexan consideradas como urxentes ademais de imprescindibles para a correcta xestión das redes ó noso cargo.



Expomos agora a relación destas obras:

- Memoria valorada de melloras urxentes a executar na EDAR de Areamilla (17/06/2016). Na que se incluían as reformas máis perentorias a realizar na EDAR co fin de melloral-la súa capacidade e eficiencia. Ante o silencio dese Concello, se insistiu por parte de esta concesionaria novamente nestas reformas en escrito de data do 16 de febreiro de 2017. Con posterioridade a esa comunicación e ante as deficiencias nas instalacións detectadas pola empresa consultora da Xunta de Galicia; Adantla, presentamos novamente anteproxecto de melloras con data do 29 de novembro de 2018. Nestas memorias tamén se recollían as necesidades de actuación no bombeo de cabeceira da EDAR situada en Massó.
- Obra de reforma do bombeo do Concello (presentado o 16 de febreiro de 2017). Este bombeo é o de maior potencia instalada de todo o sistema de saneamento do Concello de Cangas. Ademais das mostras de agotamento de boa parte da calderería precisa a renovación total do seu cadro eléctrico.
- Obras de reforma no Depósito de Coiro (rexistrado o 10 de maio de 2017). Dada a importancia desta obra se reiterou a súa necesidade por medio de memoria valorada presentada o 23 de maio de 2017. Estas obras estarían destinadas principalmente á reforma da calderería de entrada e saída do depósito que na actualidade se atopa no límite da súa vida útil.
- Obras de reforma no grupo de presión de Mendiña (rexistrado o 10 de maio de 2017). Actualmente este grupo está dotando de presión as novas altas derivadas das obras de abastecemento no lugar de Herbello, sendo esta unha dotación para a que non está preparado segundo as súas características de deseño.
- Reforma do tramo final da rede de abastecemento e saneamento da rúa Avda de Espírito Santo (Tramo baixada a Rúa - Avda Ourense, rexistrado o 20 de marzo de 2018) por presentar deficiencias estruturais xeneralizadas e provocar fochas e discontinuidades no firme da estrada. Na actualidade a autoridade da vía, Excmo Deputación de Pontevedra, está reclamando dese Concello a reforma do sistema de saneamento para poder proceder co asfaltado definitivo.
- Substitución da rede de saneamento na Estrada PO 315 Bueu-Cangas. (rexistrado o 28 de xuño de 2018 e o 8 de agosto de 2018). Como no caso anterior o titular da vía está solicitando dese Concello a substitución de toda a



liña de saneamento por estar a producirse diversos colapsos e afundimentos na estrada.

- Substitución da rede de saneamento na rúa David Cal Vilarinho. (rexistrado o 27 de marzo de 2018) Como nos casos anteriores o titular da vía está solicitando dese Concello a substitución de toda a liña de saneamento por estar a producirse diversos afundimentos na estrada.

- Mellora de diversos bombeos do sistema de saneamento. (proxecto presentado en marzo de 2015 e que o Concello tramitou reducindo nun 67% o seu presuposto imposibilitando así o seu desenvolto). Nesta compilación de obras se inclúan renovacións e reformas de diversos elementos dalgúns bombeos que na actualidade se atopan no límite da súa vida útil e por conseguinte queda moi comprometida a continuidade do seu funcionamento; os casos máis acuciantes son os das EBARs de Menduña, Casa do Mar, Vilarinho, Liméns ou Duchas.

A práctica totalidade das actuacións descritas se inclúan na compilación de anteprojectos presentados, remitida a ese Concello o 30 de marzo de 2018 e xa se recollían na Planificación de Inversións incluída no Anteprojecto de Explotación da concesión, sendo por tanto obvio que a necesidade de inversión está plenamente recoñecida por ese Concello. Por este motivo, e dado que esta concesionaria reiterou en innumerables ocasións a súa vontade de cumprir coa inversión comprometida e que estas obras precisarían do correspondente encargo de realización de Proxecto e a súa posterior aprobación por parte do Concello de Cangas para poder realizarse, unha vez máis **SOLICITAMOS** se preceda a esta tramitación por parte do Concello o tempo que lles advertimos sobre a urxencia destas obras e eludimos as posibles responsabilidades das consecuencias de non afrontar estas actuacións.


UTE Gestión Cangas
D. Francisco Comesaña Piñero
PCC institución
Xefe de Servizo UTE Gestión Cangas



Terceiro.- Ademais, este organismo notificou a UTE CANGAS numerosos requirimentos en diferentes puntos da estrada provincial por diversas incidencias derivadas do mal estado das redes municipais:

- *Ano 2017 – 4 expedientes*
- *Ano 2018 – 8 expedientes*
- *Ano 2019 – 1 expediente*
- *Ano 2020 – 1 expediente*
- *Ano 2021-2023 – 2 expedientes*
- *Ano 2024: 1 expediente*

Este último expediente foi notificado o 25 de abril e o día 6 de maio rexistraron o seguinte escrito de alegacións:

**CONTESTACIÓN O REQUERIMENTO POLO DETERIORO DO FIRME PROVOCADO POLA
REDE DE SANEAMENTO NO DOMINIO PÚBLICO DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 1003
RODEIRA-BOUBETA
Nº EXPT: 2024026787
DATA: 03 de marzo 2024**

Recibido o Requirimento por parte da Deputación de Pontevedra con nº expediente: 2024026787 "Requirimento polo deterioro do firme provocado pola rede de saneamento no dominio público da Estrada Provincial E.P. 1003 RODEIRA-BOUBETA" esta empresa concesionaria debe

INFORMAR

O titular do colector de saneamento, que discorre pola estrada E.P. 1003, e o Concello de Cangas.

É importante destacar que esta concesionaria trasladou en anteriores escritos que o sistema de saneamento que discorre pola estrada da Deputación de Pontevedra dende o Km 0+300 ata o Km 0+950 atópase nun estado de deterioro insostible, polo que precisa dunha renovación integral de todo o tramo, dado que as múltiples reparacións realizadas por esta concesionaria non son suficientes para garantir o correcto funcionamento da liña e a seguridade no vial polo que discorre.

Esta requirimento constata que a situación actual do colector precisa unha renovación que excede as obrigas establecidas no regulamento que rexe a nosa concesión.

Admiten por tanto ser coñecedores do problema e resaltan a grave situación derivada do seu colector reiterando a necesidade de investimento por parte do Concello:



Por todo o exposto, entendemos que a responsabilidade sobre os danos que se están a producir na propia rede de saneamento, na estrutura do vial da Deputación e na propia seguridade dos usuarios do vial, non debe ser asumida por esta concesionaria por canto as obras necesarias para evitalos están fóra do alcance contractual da concesión.

En Cangas a 03 Marzo de 2024.



Sara Regueira
Martínez
2024.05.06
09:23:04 +02'00'

Asdo: Sara Regueira Martínez.
Xefe de Servicio. UTE Gestión Cangas.

Cuarto.- O goberno de Cangas é coñecedor por tanto do problema existente e por fin parece que vai a tomar as medidas necesarias ao respecto segundo as novas recentemente publicadas na prensa local (achégase imaxe da noticia publicada o 15 de maio).



Co seguinte enlace: [SANEAMIENTO EN CANGAS: proyectos para espiritu santo y romarigo \(farodevigo.es\)](https://www.farodevigo.es/saneamiento-en-cangas-proyectos-para-espiritu-santo-y-romarigo)

Reiterar unha vez mais que a posibilidade de pavimentar a estrada EP 1003 é inviable debido ás numerosas roturas nas redes de abastecemento e saneamento. Non procede a execución destes traballos ata que o problema real quede solventado mediante esta inversión por parte do Concello.

Quinto.- Por último, reafirmar que os materiais empregados para a reposición do bache non son os que teñen dispoñibles as nosas brigadas.

Descoñecendo exactamente quen repuxo este socavón podemos demostrar que é habitual por parte da UTE CANGAS acometer reposicións provisionais nas nosas estradas dentro do Concello de Cangas de forma similar.



Poñemos como exemplo a última solicitude presentada pola UTE CANGAS para acometer este tipo de traballos e as fotos do descrito anteriormente que achegamos a continuación:



**SOLICITUDE DE ACTUACIÓN NAS ZONAS DE INFLUENCIA
DAS ESTRADAS PROVINCIAIS E AUTOLIQUIDACIÓN DAS TAXAS**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
Nome/Razón social: UTE GESTIÓN CANGAS		1.º apelido: 	2.º apelido: 	NIF: U27808914	
ENDEREZO					
Tipo da vía: RUA	Nome da vía: REPÚBLICA DE CUBA		Núm.: 4	Portal: 	Piso: 2
Provincia: PONTEVEDRA	Concello: CANGAS	Código postal: 36940	País: ESPAÑA		
Correo-e: NOTIFICA@FCC.ES		Tel.: 	Móbil: 659934785		
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)					
Nome/Razón social: DAVID CAYETANO		1.º apelido: SONEIRA	2.º apelido: FERNANDEZ	NIF: 36106437W	
En calidade de: XERENTE		Correo-e: NOTIFICA@FCC.ES			
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Notifíquese a:		☒ Persoa solicitante		☐ Persoa representante	
Enviáranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico indicado a continuación:				Correo-e: NOTIFICA@FCC.ES	
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente. As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición das persoas interesadas no Servizo de Notificacións Electrónicas para que poidan acceder ao seu contido de forma voluntaria.					
☒ Electrónica a través do Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal					
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
Tipo de vía:	Nome da vía:		Núm.:	Portal:	Piso:
Provincia:	Concello:	Código postal:	País:		
LICENZA OU AUTORIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS QUE SE RELACIONAN A CONTINUACIÓN					
Por actividade administrativa con motivo de solicitudes de autorización, utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais no dominio público das vías provinciais e as súas zonas de servidume e afección.					
Taxa unitaria por actividade de 30,00 €, para todas as solicitudes de informe e solicitudes de autorización relativas a:					
☐	Aproveitamentos agrícolas ou forestais de menos de 1 hectárea				
☐	Movementos de terras e explanación de menos de 1 hectárea				
☐	Cerramentos diáfanos				
☐	Obras de mantemento, conservación e rehabilitación de edificacións existentes non suxeitas a declaración responsable				
☒	Obras de acometida de servizos a vivendas unifamiliares				
☐	Obras de acondicionamento e mellora de accesos existentes				
☐	Cambios de uso en superficies menores de 1 hectárea				
☐	Calquera outra actuación susceptible de ser considerada obra menor e non incluída nos restantes apartados do presente artigo				
Taxa unitaria por actividade de 160,00 €, para todas as solicitudes de informe, solicitudes de autorización das seguintes actuacións:					
☐	Aproveitamentos agrícolas ou forestais de máis de 1 hectárea				
☐	Movementos de terras e explanación de máis de 1 hectárea				

COD SIA: 1639079 Mod: 456.001G

SERVIZO DE MOBILIDADE. Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel.: +34 986 804 100
mobildade@depo.gal, www.depo.gal





**SOLICITUDE DE ACTUACIÓN NAS ZONAS DE INFLUENCIA
DAS ESTRADAS PROVINCIAIS E AUTOLIQUIDACIÓN DAS TAXAS**

LICENZA OU AUTORIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS SEGUINTE OBRAS QUE SE RELACIONAN A CONTINUACIÓN (...continuación)	
☐	Obras de conducións aéreas ou subterráneas, sexan cruces ou paralelas á calzada
☐	Muros e cerramentos non diáfanos
☐	Obras de edificación de nova planta
☐	Obras de acometida de servizos a vivenda colectiva
☐	Construción de acceso novo
☐	Cambios de uso en superficies maiores de 1 hectárea
☐	Actuacións incluídas nun proxecto único
☐	Calquera outra actuación susceptible de ser considerada obra maior
☐	Plano xeoreferenciado de deslinde dunha parcela con vías provinciais
Total taxa para pagar 30,00 Euros	
LOCALIZACIÓN DE OBRAS	
Termo municipal: CANGAS	
Estrada: EP-1002 A MADALENA - ALDAN	
Referencia catastral: PK 4+500	
INFORMACIÓN ADICIONAL DAS OBRAS	
REALIZACIÓN DE CATA PARA CAMBIO DE COLLARÍN DE ACOMETIDA POR FUGA DE AUGA	
COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos correspondentes	
NIF da persoa solicitante	☐
NIF da persoa representante	☐
DOCUMENTACIÓN	
Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos, deberá indicarse en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos	
☐ Xustificante do pagamento da taxa	
PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven. Así mesmo, a Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias, poderá verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a norma de rango legal recollida no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en https://sede.depo.gal
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos
Mais información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos

COD SIA: 1639079 Mod: 456.001G



O noso vixiante informa o seguinte:

INFORME VISITA OBRA 2023069711



Taxa:	Obras de acometida de servizos a vivendas unifamiliares
Provincia:	Pontevedra
Concello:	Cangas
Estrada:	1002 A MADALENA - ALDAN
Ref. Catastral:	PK 4+500
Punto Quilométrico:	4+504m.E.
Solicita:	REALIZACIÓN DE CATA PARA CAMBIO DE COLLARÍN DE ACOMETIDA POR FUGA DE

Data informe:	08/02/2024
Vixiante:	José Carballa
Observacións:	PIDEN PERMISO PARA HACER UNA REPARACION EN EL SERVICIO DEL ABASTECIMIENTO DE AGUA HUBO UNA ROTURA EN EL SERVICIO DE ABASTECIMIENTO DE AGUA EN EL CARRIL DE LA CARRETERA PROVINCIAL, -HICIERON LA REPARACION DE LA ROTURA E HICIERON UNA REPOSICION PROVISIONAL EN HORMIGON. _ AFECTO AL CARRIL DE LA CARRETERA PROVINCIAL

E presenta as seguintes fotos dos traballos provisionais executados habitualmente pola UTE CANGAS para este tipo de actuacións:





Resultando.- Que con data 11/06/2024, e de conformidade co establecido nos artigo 12, letra j), da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, en relación co artigo 17 a) do Decreto 91/2015, remitiuse o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame.

Resultando.- Que con data 03/07/2024, o Consello Consultivo de Galicia acorda a devolución do expediente, debendo ser sometido de novo ó seu ditame tras completarse unha serie de actuacións consistentes en:

- Enviar copia do escrito presentado pola reclamante na data 26/12/2023, pois a remitida está incompleta.
- Admisión e práctica das probas testificais propostas pola reclamante.
- Abrir trámite de audiencia á interesada UTE Gestión Cangas, xa que só se lle deu audiencia nunha fase inicial do procedemento e non despois da realización dos restantes actos de instrución.
- Logo do trámite de audiencia á reclamante, o Servizo de Infraestruturas emitiu un informe complementario no que se introducen novos datos, sendo o procedente dar un novo trámite de audiencia ás persoas interesadas (reclamante e concesionaria).
- Respecto da argumentación contida na proposta de resolución de que *o domicilio da reclamante se atopa a un minuto en bicicleta do lugar no que se produciron os danos*, trátase dun dato que debería ser incorporado a través de actos de instrución e ser sometido á necesaria contradición.



- E ao respecto do informe do servizo cuxo funcionamento tivera ocasionado a presunta lesión indemnizable, o mesmo ha de conter unha resposta razoada e completa sobre aquelas imputacións nas que a persoa reclamante pretende sustentar a súa pretensión indemnizatoria, realizando polo miúdo as consideracións que procedan en torno á actuación da administración controvertida. Polo tanto, o relevante deste informe non é tanto a súa emisión e constancia no expediente senón o seu contido en canto mecanismo idóneo para achegar os elementos de xuízo precisos para determinar a existencia ou non da responsabilidade da Administración actuante, e se ben no expediente constan varios informes emitidos polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o certo é que neles non se aborda, co alcance indicado, a análise dalgúns extremos que revisten interese para os fins da decisión, procedendo que se complete o expediente coa emisión de informe de xeito completo e motivado, sobre unha serie de extremos (recollidos no seguinte Resultando).

Resultando.- Que con data 09/07/2024, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación para que, de xeito completo e motivado, se pronunciara acerca do seguinte:

- a) Se ben se informa de que nas datas previas ao accidente “non houbo avisos nin incidencias por este motivo”, debe informarse sobre os concretos labores de vixilancia, conservación e mantemento do estado da estrada no lugar da caída que levou a cabo a deputación antes do accidente e sobre se esa administración tiña coñecemento da presenza da fochanca con carácter previo ao sinistro. Conectado co anterior, debe informarse expresamente sobre se a deputación tivo coñecemento da existencia de queixas sobre a presenza da fochanca e, en caso afirmativo, de que data son esas queixas.*
El artículo 91-2 LPAC obliga a que en la resolución que haya de dictarse en el presente procedimiento de responsabilidad patrimonial se pronuncie sobre la existencia o no de relación de causalidad entre el funcionamiento del servicio público y la lesión producida y, en su caso, sobre la valoración del daño causado, la cuantía y el modo de la indemnización.

De los informes emitidos por Infraestructuras de la Diputación se infiere que UTE Gestion Cangas es concesionaria de la red de abastecimiento de agua y saneamiento, la cual presenta deficiencias estructurales que provocan baches, deficiencias y discontinuidad en el firme de muchos tramos de la carretera provincial denominada EP 1003 Rodeira - A Boubeta. No consta que el tramo y lugar del socavón en que se produjo el accidente sea uno de los afectados por el mal estado de la red de abastecimiento y saneamiento. De hecho la UTE sostiene que la única intervención en la línea de saneamiento que discurre por dicha vía provincial se circunscribe a un tramo muy concreto de dicha carretera que dista más de 500 metros del lugar del siniestro. Y que mediante inspección con cámara en el interior de la tubería de saneamiento se descarta cualquier rotura o desperfecto en la misma que pudiera ser causante del bache donde se produce el accidente. Que dicha carretera provincial muestra diversos parches de asfaltado en distintas fases que manifiestan repetidas intervenciones puntuales de baches.

En resumidas cuentas, la UTE es concesionaria de una red de abastecimiento y saneamiento. Pero no es adjudicataria del servicio de mantenimiento de la vía. Ni le corresponde el deber de advertir del peligro a los usuarios de la vía.

Si la Diputación, titular del servicio, pretende su exoneración, asume la carga de acreditar la eficiencia de la intervención de la UTE como causante del daño. Y lo cierto es que en el expediente la cuestión de hasta qué punto el socavón en que se produjo el accidente pudo haber sido causado por la red de saneamiento y abastecimiento no pasa del estadio de mera conjetura o hipótesis carente de sustento probatorio.




SEGUNDO.- En modo alguno podemos tener por acreditado de los informes emitidos que el mal estado de la vía en el tramo concreto en que se produce el accidente — socavón — puede serle atribuído con certeza a deficiencias de la red de aguas cuya concesión ostenta la UTE. Pero aunque a efectos meramente de debate podamos inferir semejante conclusión, en modo alguno exonera de responsabilidad a la Diputación por los daños causados, toda vez que disponiendo de un tiempo razonable de varios días para actuar, ha manteniendo una situación de peligro para los usuarios de la vía no ya sin reparar, sino sin tan siquiera advertirles o señalizar el peligro.

Podemos entender que pueda producirse un obstáculo o daño en el pavimento. Lo que no es de recibo es que esta situación de peligro para los usuarios de la vía se mantenga indefinidamente sin reparar o sin tan siquiera señalizar, disponiendo la Diputación de un tiempo razonable para ello.

De modo que la posible interferencia del contratista en modo alguno exonera de responsabilidad a la Diputación, siendo de mencionar aquí la línea jurisprudencial iniciada por la STS 16-11-1974, Ar 4510, manteniendo la responsabilidad de la administración, solidariamente, con los causantes del daño. Más considerando que corresponde a la Diputación Provincial velar poniendo medios materiales y personales necesarios para que la vía pública se encuentre en debidas condiciones de seguridad obrando dentro de la propia estructura organizativa, artículo 25 LBRL 7-1985, de 2 de abril.

Por todo lo cual, de la diputación provincial intereso que por despacho el trámite conferido, se dicte resolución expresa en la que se estime la reclamación por responsabilidad patrimonial origen de las presentes actuaciones, con abono de la cantidad correspondiente conforme a la prueba practicada por los daños personales, lesiones, días de hospitalización, incapacidad y curación, perjuicio personal y patrimonial, secuelas y gastos derivados del accidente del que dimana la presente reclamación.

En Pontevedra, a 20 de diciembre de 2.024



Resultando.- Que con data 05/02/2025, e de conformidade co artigo 12, letra j), da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, solicitouse ditame, sendo emitido na data 26/02/2025 o Ditame CCG 220/2024, coas seguintes consideracións e conclusión:

Primeira.

O Consello Consultivo de Galicia é competente para coñecer do expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas ao que se fixo referencia nos antecedentes a teor do previsto nos artigos 12.j) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e 17.a) do seu Regulamento de organización e funcionamento, aprobado polo Decreto 91/2015, do 18 de xuño, por tratarse dunha reclamación de responsabilidade patrimonial presentada ante un Concello por contía superior a 15.000,00 €.



Segunda.

O expediente sobre o que se solicita a emisión de ditame suscita un caso de responsabilidade patrimonial das administracións públicas que, como tal suposto, vén regulado basicamente polo artigo 106.2 da Constitución española, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC) (aspectos procedementais) e polos artigos 32 a 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).

Tratándose neste caso da eventual responsabilidade patrimonial dunha entidade local, debe traerse a colación o artigo 54 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LBRL), a teor do cal: “as entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa”.

En sentido similar pronúnciase o artigo 223 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No presente caso, ha de sinalarse que a Deputación de Pontevedra, en esencia, tramitou correctamente o procedemento, quedando constancia no expediente remitido da realización dos actos de instrución necesarios, da concesión do trámite de audiencia á entidade reclamante, da práctica das probas que se consideraron pertinentes, e da formulación da correspondente proposta de resolución.

Terceira.

No tocante aos aspectos de fondo hai que indicar que os principios que rexen a responsabilidade patrimonial das administracións públicas son o resultado dunha elaboración da doutrina e da xurisprudencia, e teñen sido reiteradamente expostos polo Consello Consultivo.

Sinteticamente expostos, os presupostos mínimos para que xurda a responsabilidade patrimonial da Administración, partindo do principio de responsabilidade obxectiva e directa, son:

- a) O dano producido no patrimonio dos particulares ten que ser efectivo e individualizado nunha persoa ou nun grupo de persoas.*
- b) O precitado dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar.*
- c) O dano ou lesión patrimonial ten que gardar un nexo causal co funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) O dano non debe ser produto dunha situación de forza maior.*
- e) A reclamación ten que ser presentada polo particular interesado dentro do prazo legalmente establecido.*



Xunto co anterior cabe indicar que a configuración da responsabilidade patrimonial da Administración como unha responsabilidade obxectiva non supón, non obstante, a inexistencia de límites fronte a unha eventual aplicación automática do principio resarcitorio sobre a base dunha vinculación máis ou menos ampla entre o funcionamento do servizo e o dano padecido. Así, como máis significados lindes daquel principio xeral poden destacarse catro acontacións de formulación legal:

- a) A forza maior (artigo 32.1 LRXSP)*
- b) A obriga xurídica de soportar o dano (artigo 32.1 LRXSP)*
- c) A non indemnizabilidade dos danos derivados de feitos e circunstancias que non se puideran evitar ou prever segundo o estado da ciencia e a técnica existentes na produción daqueles (artigo 34.1 LRXSP), e*
- d) Aqueloutras de creación xurisprudencial, tales como a culpa da vítima e feito de terceiro (recollidas en incontables pronunciamentos do Tribunal Supremo, entre outros, o contido na súa Sentenza do 27.7.2002, rec. 4012/1998).*

Cuarta.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o mantemento e pavimentación das vías públicas urbanas e conservación de camiños (artigo 25.2.d) da LBRL). A Administración ten o deber ineludible de manter as vías que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen, ben para circular ou para o estacionamento dos seus vehículos, o que implica o recoñecemento en favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas da vía para estes fins; e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Quinta.

Entrando no exame do fondo do asunto, cómpre, por mandato legal—artigo 81.2 da LPAC— e polo que ao presente ditame se refire, a verificación da existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e a lesión producida, para o que é preciso partir da previa constatación dun dano, como ocorre no presente caso, no que se xuntan ao expediente informes da asistencia sanitaria prestada á señora Chapela.

Partindo da realidade da caída no lugar por ela referido, segundo consta acreditado nos informes referidos nos antecedentes, e nas declaracións

testemuñais, cómpre xa entrar a analizar a relevancia causal da irregularidade do pavimento, sendo preciso neste punto lembrar a regra xeral, acollida xa por este Consello Consultivo, vide CCG 200/2022 (na mesma liña, CCG 30/2000, CCG 420/2007, CCG 498/2012, CCG 694/2014), segundo a cal é esixible aos viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, e que por analoxía pode entenderse tamén aplicable aos usuarios de vehículos nas vías, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada, por introducirse un elemento extraño na relación xurídica controvertida, cal é a culpa da vítima.

Este órgano consultivo entende (por todos, CCG 15/2024) que ese control da deambulación esixe aos viandantes -aplicable por analoxía como se dixo tamén respecto do control dos usuarios de vehículos nas vías públicas- a aplicación da dilixencia necesaria para apreciar e sortear os riscos que en moi diversas formas —xa sexa pola propia conformación estrutural (morróns, irregularidades nos empedrados, tapas de rexistros) ou por defectos de conservación— preséntanse ineludiblemente nos espazos públicos abertos ao tránsito, de modo que cando estes son apreciables, a non detección por parte dos usuarios obedece polo xeral a unha desatención.



No expediente figura un informe emitido polo Servizo de Infraestruturas (20.7.2023) que:

“(...) recóllese que nas datas previas ao accidente non houbo avisos nin incidencias por este motivo, recibíndose aviso tralo accidente, ás 20:49 horas do día 16/05/2023, desde o 112-SOS Galicia.

(...)

No tramo anterior ao accidente e na dirección que levaba a bicicleta, existe sinalización de límite de velocidade, así como sinais de advertencia pola presenza dun paso de peóns sobreelevado (situado a escasos 60 metros do socavo), sinal de advertencia de perigo pola proximidade de un lugar frecuentado por peóns, de perigo por resalto na vía, ademais da sinalización horizontal e vertical de velocidade máxima a 30 Km/h”.

No presente caso, logo dunha valoración dos informes e das fotografías incorporadas ao expediente, considérase que a hipótese máis plausible é a de que o factor determinante do accidente foi a conduta da propia vítima, que pola súa distracción ou descoido, non circulaba na bicicleta coa dilixencia debida tendo en conta as circunstancias da vía.

A irregularidade da calzada que se observa nas fotografías incorporadas ao expediente, non constituía unha trampa oculta, senón unha deficiencia perceptible por calquera condutor minimamente atento ás circunstancias da vía. As dimensións da fochanca non lle outorgan un rango de inevitable. Neste sentido, hai que salientar que o contratempo aconteceu a plena luz do día, sen circunstancias climatolóxicas que afectasen á visibilidade, e non consta que a reclamante padecese defecto físico ningún ou outra circunstancia impeditiva.

A interesada residía a unha distancia moi próxima do lugar do accidente, e como va dito, non constan sucesos similares neste concreto punto e en datas recentes. Parece razoable pensar que se efectivamente a deficiencia fose insalvable, tería sido a causa doutros accidentes.

Ademais, cómpre recordar que nas reclamacións, como á que arestora nos ocupa, que teñen o seu alicerce nunha omisión por parte da Administración das funcións que lle corresponden —neste caso, a conservación das vías de titularidade pública—, non abonda coa hipótese de que a súa intervención puidese impedir a lesión, pois isto conduciría a unha ampliación pouco razoable, por desmesurada, da responsabilidade patrimonial. Pola contra, resulta necesario que concorra no caso concreto algún outro factor cualitativo en virtude do cal poida, obxectivamente, imputarse a lesión ao devandito comportamento omisivo da Administración (SSTS do 1.6.2012, rec. 2419/2010 e do 17.6.2014, rec. 3978/2011).

Pois ben, sobre este aspecto, queda constancia, en opinión deste órgano consultivo, da inexistencia dunha creba do estándar de seguridade pola soa presenza dunha deficiencia na calzada sen un dato engadido que singularice a omisión de reparación.

Con base a estas circunstancias pode citarse a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29.2.2012, rec. 7111/2011, cando refire como “no se puede pretender que la totalidad de aceras o calzadas de un casco urbano se encuentren absolutamente perfectas en su conservación”, ou a Sentenza do mesmo tribunal do 16.10.2019, rec. 203/2019, que salienta como “no se puede pretender que una vía pública de un municipio se mantenga como si se tratase del pasillo de una vivienda, ni que la Administración asuma las consecuencias de una aseguradora universal”.



A solidariedade nos riscos que alicerza a institución da responsabilidade patrimonial como instrumento de resarcimento das vítimas de danos producidos polo funcionamento dos servizos públicos cara á xusta distribución das súas cargas e beneficios—velaí o seu carácter obxectivo— non pode confundirse cunha cobertura providencialista de todas as incidencias públicas que acontezan en lugares de titularidade pública, sendo precisa a concorrencia dos presupostos legalmente esixidos (vide a Sentenza do Tribunal Supremo do 30.9.2009, rec. 2278/2005).

En consecuencia, logo da análise do conxunto do expediente, cabe concluír que a hipótese máis plausible é a de que o factor determinante do accidente foi a conduta da propia vítima, pola súa distracción e/ou descoido que lle impediú advertir a irregularidade no pavimento.

Como lembra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 3.4.2013, rec. 7002/2013, está a cargo de quen o sofre “el daño que se produce como consecuencia de los riesgos generales de la vida inherentes al comportamiento humano, debiendo soportar los riesgos de una eventual falta de atención o cuidado en la deambulación por lugares de paso, como indican las SSTs de 17.07.2003 y 22.02.2007”.

En efecto, o comportamento humano, na xeneralidade dos casos, segundo a regra id quod plerumque accidit (as cousas que ocorren con frecuencia), implica soportar os pequenos riscos que unha eventual falta de coidado e/ou atención leva de seu na deambulación por vías públicas.

Deste xeito, no caso que nos ocupa, da inexistencia dun vínculo causal entre o funcionamento do servizo público e o dano que motiva a reclamación, debe extraerse a procedencia da súa desestimación no mesmo sentido a que se orienta a proposta de resolución examinada.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

“Que informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria á que o presente expediente se refire”.

E para que así conste para todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela.

*A secretaria do Pleno e das Seccións
Vanessa Brea Lago*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, debido á súa complexidade subxectiva e á obxectiva derivada da necesidade de solicitar varios informes, incluso complementarios, por causa de imprecisións ou omisións.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- No informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, de data 20/07/2023, recóllese que nas datas previas ao accidente non houbo avisos nin incidencias por este motivo, recibíndose aviso tras o accidente, ás 20:47 horas do día 16/05/2023, desde o 112-SOS Galicia.
- Recibido o aviso, a brigada de garda acude a cubrir o incidente, tardando en chegar aproximadamente 45 minutos segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial.
- No tramo anterior ao accidente e na dirección que levaba a bicicleta, existe sinalización de límite de velocidade, así como sinais de advertencia pola presenza dun paso de peóns sobreelevado (situado a escasos 60 metros do socavo), sinal de advertencia de perigo pola proximidade dun lugar frecuentado por peóns, de perigo por resalto na vía, ademais da sinalización horizontal e vertical de velocidade máxima a 30 km/h.
- A presenza do socavo na calzada debeuse ó estado deficiente das redes de saneamento de competencia municipal.
- O socavo está tapado actualmente con formigón, que é o que emprega a UTE XESTION CANGAS para as reposicións provisionais.
- Esta empresa é concesionaria dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración das augas do Concello de Cangas ata o ano 2039.
- A empresa tramitou varias solicitudes para repoñer definitivamente as numerosas avarias existentes ao longo desa estrada provincial.
- A Deputación de Pontevedra non realizou a reparación do socavo, nin por xestión directa nin por adxudicación de contrato, xa que o viña facendo de cotío a UTE.
- No informe complementario emitido o día 30/05/2024, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais recolle que José Corbacho Reboredo, persoa responsable da brigada na data do accidente, confirma que se acudiu ao lugar e se procedeu a sinalizalo, pero que non foi persoal de Deputación o que fixo a reposición do firme, acudindo ao lugar de novo para retirar os sinais de perigo unha vez foron advertidos de que a incidencia quedara resolta.



- Reitera Infraestruturas que a posibilidade de pavimentar a estrada EP 1003 é inviable debido ás numerosas roturas nas redes de abastecemento e saneamento, non procedendo a execución destes traballos ata que o problema real quede solventado mediante esta inversión por parte do Concello.
- Os materiais empregados para a reposición do socavo non son os que teñen dispoñibles as brigadas do ente provincial.
- Á marxe das incidencias que podan rexistrarse na vía, o vixiante de zona fai un percorrido da mesma como mínimo unha vez cada 15 días, recorréndoa ademais a brigada responsable cada 2/3 semanas.
- O Concello presentou unha solicitude no mes de maio de 2024 para a execución das obras de: *Renovación do saneamento e abastecemento na Avenida Espírito Santo Fase II e Fase III (hasta pk 1+000)*; na memoria presentada polo Concello sinalase: *“El colector de saneamiento actual es de hormigón y se encuentra en mal estado, con filtraciones que afectan al pavimento del vial”*.
- Reitera o Servizo de Infraestruturas da Deputación que tanto a empresa concesionaria como o Concello son coñecedores do mal estado das súas redes de servizo.
- Ademais de verbalmente en numerosas ocasións e incluso en reunións presenciais cos técnicos responsables da empresa concesionaria, este organismo notificou a UTE CANGAS numerosos requirimentos en diferentes puntos da estrada provincial por diversas incidencias derivadas do mal estado das redes municipais:
 - Ano 2017 – 4 expedientes
 - Ano 2018 – 8 expedientes
 - Ano 2019 – 1 expediente
 - Ano 2020 – 1 expediente
 - Ano 2021-2023 – 2 expedientes
 - Ano 2024: 1 expediente
- Na resposta a este último requirimento, a UTE reconece ser coñecedores do problema e resaltan a grave situación derivada do seu colector, reiterando a necesidade de investimento por parte do Concello (*“Entendemos que a responsabilidade sobre os danos que se están a producir na propia rede de saneamento, na estrutura do vial da Deputación e na propia seguridade dos usuarios do vial, non debe ser asumida por esta concesionaria por canto as obras necesarias para evitalos están fóra do alcance contractual da concesión”*).
- O lugar no que se atopaba o socavo está próximo ó domicilio da reclamante, a 650 metros, a uns 5 minutos en bicicleta, polo que o coñecemento do mesmo pola ciclista devén indubitado.



- Non houbo mais accidentes pola mesma causa, o que, de xeito subsidiario, induce a pensar, racional e razoablemente, nunha hipotética condución desatenta cun vehículo (bicicleta) que, precisamente pola súa natureza, require dunha maior atención á vía.
- A maiores da especial atención que require a condución dunha bicicleta, en aras de garantir a propia seguridade, a reclamante debeu extremar a precaución por tratarse dun tramo descendente con numerosa sinalización de advertencia: sinalización horizontal e vertical de velocidade máxima a 30 km/h, sinais de advertencia pola presenza dun paso de peóns sobreelevado (situado a escasos 60 metros do socavo), sinal de advertencia de perigo pola proximidade de un lugar frecuentado por peóns, de perigo por resalto na vía, ademais da sinalización a 30 km/h; así, o feito de que a accidentada non puidera salvar o obstáculo e evitar a caída leva en boa lóxica a pensar que se trata dunha condución inadecuada, sexa por exceso de velocidade, que tivera impedido a percepción do obstáculo con tempo e espazo suficiente para salvalo, ou sexa por desatención ou distracción das circunstancias da vía.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía sobre a que se atopa o socavo, toda vez que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle no seu artigo 25.2, letra c) como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, e este servizo, á súa vez, pode ser prestado a través dunha concesión por una empresa. Así o artigo 288, letra c), da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece como obriga do concesionario a de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración; non podendo no presente suposto imputarse a responsabilidade a esta Deputación pola mera detención material dunha infraestrutura, xa que iso a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), *“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”*.

É certo que no presente suposto de feito tal relación daríase entre o Concello de Cangas e a UTE, pero ese feito axeniza todavía mais a ausencia de vinculación funcional e demanial coa Deputación e, por ende, coa relación de causalidade.



Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada de garda tardou aproximadamente 45 minutos en chegar ó lugar do accidente para cubrir a incidencia, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa o que incide nun comportamento pouco atento ou distraído da reclamante, que a pesares de posuír o control da situación, non foi quen de evitar a caída, o que a introduciría se non na negligencia, si na falta de dilixencia predicable á condución dun vehículo de dúas rodas.

Considerando.- Que o domicilio da reclamante se atopa a cinco minutos en bicicleta do lugar no que se produciron os danos, o que induce a pensar que é máis que probable que coñecera o lugar perfectamente, incluso que tivera pasado noutras ocasións polo mesmo sitio evitando o desperfecto.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia e atención de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica. Así, a sentenza 111/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recolle o seguinte: *“...Resulta un obstáculo visible y, además, evitable para un ciclista aficionado como el demandante, ya sea pasando con cierto cuidado por encima para mantener el equilibrio, o ya sea evitándolo por cualquiera de los dos márgenes que quedaban a derecha y a izquierda (...) ante la característica del resalte y la velocidad que debería llevar el ciclista, debería haber estado en condiciones de apreciarla con tiempo y espacio suficiente como para sortearla de forma eficaz (...) El hecho de que no pudiera salvar el obstáculo y evitar la caída lleva lógicamente a entender la existencia de una conducción inadecuada, ya sea por exceso de velocidad, que hubiera impedido la percepción del obstáculo con tiempo y espacio suficiente para salvarlo, o ya sea por desatención o distracción de las circunstancias de la vía (...) El hecho de no haber evitado la caída, tal y como se alega por las demandadas, sólo puede considerarse debido a su propia falta de diligencia o desatención a la circulación”.*



Na mesma liña argumental se pronuncia a sentenza 65/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra: *“Cuestión distinta es que fuese la irregularidad del firme la que hiciese perder el control al niño, pero esa posibilidad se estima que habría de ser prevista por persona de diligencia media que, al ver las señales de peligro por obra y gravilla suelta, necesariamente habría de acomodar su conducción, en vehículo y todavía más en bicicleta por la fragilidad e inestabilidad que supone, y cuando, además, como ocurre en este caso, se trata de un usuario habitual de la vía que tenía conocimiento del estado en el que se encontraba la carretera; por tanto, no puede considerarse que en este supuesto se haya adoptado la prudencia necesaria, ya sea por el menor, ya sea por sus padres, pues no ha de obviarse que se indica que el niño fue despedido varios metros hacia la cuneta, de forma que probablemente su velocidad no fuese la adecuada. (...) Tampoco cabe atribuir la responsabilidad a la Diputación Provincial de Pontevedra por el mero hecho de ser titular de una vía que se encuentra en obras necesarias para su mantenimiento en condiciones apropiadas, pues no se acredita la relación causal entre el funcionamiento del servicio público competencia de ésta y el accidente sufrido por el menor”*.

Considerando.- Que o accidente tivo lugar o día 16 de maio ás 19:40 horas, a plena luz do día, e á vista das fotografías obrantes no expediente, o desperfecto resulta perfectamente visible, polo que de manter a debida dilixencia e atención á vía e de terse adoptado a precaución necesaria na conducción da bicicleta, e á vista dos sinais de advertencia de perigo existentes (perigo pola existencia de paso de peóns sobreelevado, situado a escasos 60 metros do socavo, perigo por peóns, perigo por resalto, así como sinalización horizontal e vertical de velocidade máxima a 30 km/h), podería terse salvado o obstáculo e evitado a caída.

Considerando.- Que o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, recolle o seguinte: “Todo conductor está obligado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.

Por a súa parte, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”*.

Todo elo sen que isto presupoña prexulgamento da responsabilidade que, en todo caso e ao abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixirse no eido da xurisdición civil á devandita empresa adxudicataria.



Considerando.- Que o Consello Consultivo de Galicia, no seu Ditame CCG 220/2024, informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria formulada por esta Deputación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

13.34892.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

14.34893.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

- CONFORMIDADE CO PLAN DE USOS DO TEATRO CINE FRAGA REMITIDO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA LINGUA E XUVENTUDE. (Expte. 2024062333)

En sesión plenaria desta Corporación de data 27 de setembro de 2024 acordouse a “*Adquisición directa e onerosa, pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, dun inmovible no concello de Vigo coñecido como Teatro Cine Fraga*” e asinándose o documento administrativo entre o Presidente da Xunta, Presidente da Deputación e o Conselleiro delegado do Consello de Administración de Abanca Corporación Bancaria, S.A. o 19 de xullo de 2024.

Desde a adopción do acordo de adquisición, tanto a Deputación de Pontevedra como a Xunta de Galicia teñen traballado de maneira coordinada na elaboración do plan de usos do Teatro Cine Fraga, contando coa participación da cidadanía. Co propósito de garantir que este espazo cultural responda ás necesidades actuais do conxunto do sector creativo vigués, desenvolveuse un proceso participativo que incluíu a habilitación dunha caixa de suxestións, así como a celebración de diversas reunións presenciais con colectivos e representantes do ámbito cultural e da veciñanza.

Unha vez concluído o proceso e tras a colaboración entre ambas administracións, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude remitiu o informe que recolle as liñas estratéxicas e o plan de usos do Teatro Cine Fraga.



Visto que co mesmo se busca crear un espazo de conexión e diálogo entre a cidadanía e a cultura co obxectivo de xerar un impacto positivo no desenvolvemento cultural e social de Vigo e impulsalo como punto estratéxico do Eixo Atlántico, poñendo especial atención na música e creando un espazo que non só acolla a cultura como “produto” de consumo, senón tamén como práctica ou proceso en constante evolución.

Visto que as liñas estratéxicas do plan de usos para o Teatro Cine Fraga teñen como obxectivo convertelo nun espazo flexible, diverso e de referencia en cultura, tanto a nivel local como rexional e internacional buscando que o proxecto se consolide como un polo dinamizador da cultura na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, reforzando a identidade cultural de Vigo.

Visto que a proposta mantén o uso principal do espazo como teatro, sala de cine e lugar para a realización de concertos de música e inclúe unha compoñente de creación para o que se persigue a optimización total do espazo, permitindo o seu uso non só nos momentos de realización de espectáculos, senón tamén abrindo o espazo á cidadanía diariamente.

Visto que a proposta do plan de usos é acorde co interese público provincial e a posta en marcha das actividades previstas no Teatro Cine Fraga contribuirá o desenvolvemento económico e social da provincia, reforzando a oferta cultural e creativa do territorio e dinamizando o tecido social e económico, promovendo novas oportunidades para profesionais do sector e favorecendo a participación activa da cidadanía na vida cultural da provincia.

A Xunta de Goberno presta a súa conformidade ao citado documento das liñas estratéxicas e o Plan de usos para o Teatro Cine Fraga de Vigo.

15.34894.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e quince minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

